

**PLAN PARA A ACOLLIDA E
INTEGRACIÓN DO ALUMNADO
ESTRANXEIRO**

C.E.I.P. FRIONS.
Carreira- Ribeira

INDICE

1. Xustificación.....	2
2. Obxectivos.....	2
3. Protocolo de actuación.....	3
3.1. Fase de información e acollida á familia.....	3
3.1.1 Matriculación.....	4
3.1.2. Escolarización.....	4
3.2. Fase de acollida ao centro e primeiro contacto do novo alumno.....	6
3.2.1. Preparación.....	6
3.2.2. O primeiro día.....	6
3.3. Fase de acollida na aula.....	7
3.3.1. O/A alumno/a titor/a.....	7
3.3.2. Proposta de actividades.....	7
3.3.3. Pautas de acollida.....	8
3.3.4. Outras consideracións.....	9
4. Avaliación do Plan.....	9
6. Anexos:	
I. Caderniños de impresos en distintos idiomas e vocabularios de interese, editados pola Xunta	
II. Folleto informativo sobre o Sistema educativo Español,...	
III. Folleto informativo á familia	
IV. Documento de Recollida de Datos.	
V. Probas de avaliación da competencia curricular	
VI. Actividade: "O mapa intercultural do centro"	
VII. Tarxeta identificativa do/da alumno/a titor/a	
VIII. Actividades e páxinas web de interese.	

1. XUSTIFICACIÓN

É cada vez máis frecuente e variada, a incorporación ao noso centro de alumnado de orixe estranxeiro e de fillos de emigrantes galegos retornados, feito que está a incidir na evolución da diversidade na nosa poboación escolar. O seu ingreso no centro, non coincide en moitos casos co inicio de curso escolar, senón que se rexistra de xeito irregular ao longo do mesmo o que aumenta as súas dificultades de integración. Este feito require medidas de carácter organizativo e pedagóxico segundo os casos, xa que non todos precisan as mesmas actuacións.

Partir de que a escolarización do alumnado inmigrante estranxeiro esixe dende o principio atención específica, ben polo descoñecemento do idioma, ben pola escasa escolarización anterior ou polo desfase curricular, xa polo baixo nivel sociocultural, en xeral, ou pola desorientación e diferencias culturais. A necesidade de abordar solucións que permitan a progresiva adaptación do alumnado inmigrante estranxeiro, sen que isto supoña traumas ou inseguridades, esixe que se articule un Plan de Acollida para estos alumnos.¹

O Plan de Acollida e Integración do alumnado inmigrante está avalado lexislativamente na nosa Comunidade Autónoma pola Orde do 20 de Febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (D.O.G. do 26 de febreiro de 2004).

OBXECTIVOS

Entendemos a *acollida* como un proceso que pon en marcha o centro e a comunidade educativa a través dun conxunto de accións e medidas que teñen por obxecto facilitar a chegada e adaptación do novo alumnado procedente do estranxeiro e que implica a participación activa de toda a comunidade educativa.

¹ Este Plan de Acollida está dirixido ao alumnado que presenta algunha das seguintes necesidades: descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, galega ou castelá, desfase curricular de dous ou máis cursos, con respecto ao que lle correspondería por idade, presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais, e en xeral, alumnado de orixe estranxeira aínda que non presente as necesidades anteriores citadas.

Dentro deste marco de actuacións, os obxectivos que se pretenden son:

1. Asumir como centro, dun xeito global, o deseño e posta en práctica das medidas e actuacións encamiñadas a garantir a atención educativa do alumnado inmigrante.
2. Favorecer e facilitar unha progresiva adaptación ao centro e facer un seguemento en pro dunha continua integración social e educativa.
3. Facilitar información ás familias e ó propio alumnado inmigrante que se incorpora ao centro, do seu funcionamento e organización.
4. Favorecer na nosa comunidade educativa o desenvolvemento de actitudes de respecto, convivencia e tolerancia á diversidade étnica e cultural.
5. Adecuar e/ou modificar nos documentos de centro, a través da revisión anual, aspectos relativos ao alumnado estranxeiro.
6. Potenciar competencias interculturais con tódolos axentes que interveñen directa e indirectamente na tarefa educativa, aprendendo a desterrar estereotipos e prexucios que poidan condicionar a nosa maneira de pensar e de actuar.

3. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

Debemos diferenciar a collida do neno ou nena que chega por primeira vez ao noso colexio, en diferentes momentos de chegada: *fase informativa e de acollida á familia, acollida ao centro e primeiro contacto do novo alumno, acollida na aula.*

3.1. Fase de información e acollida á familia:

Somos conscientes de que o momento no que se establece a relación coa familia, cando chega por primeira vez ao centro, é moi importante, pois é un proceso de adaptación mutua, de comprensión e aceptación, entre o que chega e o que acolle.

Pode darse a circunstancia de que descoñezan as nosas linguas e nese caso, é probable que vaian acompañados dalgunha persoa para facer de traductor. De non ser así tentaremos buscar un entre a comunidade escolar, ou buscar recursos.

3.1.1. Matriculación

Fai referencia aos aspectos administrativos. **O membro do Equipo Directivo** que reciba aos pais ou titores legais do alumno estranxeiro, diralles cal é a documentación

necesaria para formalizar a matrícula: certificacións escolares, libro de familia, cartilla de vacinas, fotocopia da cartilla da S.S., fotografías... (podemos facer uso dos caderniños editados pola Xunta para facelo na lingua de procedencia da familia) (Anexo I).

Asímesmo se lles entregarán outros impresos de uso común no centro: opción por Relixión ou Alternativa á mesma, autorización para uso da propia imaxe, etc, así como, ofertarlles información sobre o sistema educativo español, os centros educativos, a admisión e escolarización do alumnado,... tamén na lingua de procedencia do alumno a través das edicións da Xunta (Anexo II).

3.1.2. Escolarización

A **orientadora** do centro pode facer a función de **Coordinadora de Integración**, ou calquera membro do equipo directivo, encargándose de:

- Mostrarlles as instalacións do centro e os lugares de entrada e saída do alumnado.
- Entregarlles un Folleto informativo ás familias, onde se recolle: titor/a e especialistas, horario de titoría e dirección, períodos vacacionais, normas básicas de convivencia recollidas no RRI, (Anexo III)
- Informarémolles sobre: etapas educativas que impartimos no centro, servizos que ofertamos (comedor, transporte), información sobre as actividades que oferta a ANPA, IES ao que estamos adscritos ao rematar a EP, presentación do titor/a,...
- Recoller a información no correspondente Documento de Recollida de Datos (Anexo IV)
- Realizar a avaliación inicial mediante probas de avaliación da competencia curricular nas áreas de Lingua e Matemáticas (Anexo V).
- No caso de que o alumno descoñeza as nosa linguas realizarase a valoración do seu nivel de coñecementos na área de lingua estranxeira (inglés) e na de matemáticas.
- Determinar, xunto co profesorado do nivel que lle correspondería por idade, o curso en que deberá integrarse o alumno/a tendo en conta, entre outros aspectos, os resultados da avaliación inicial. A lexislación establece que en ningún caso, poderase incorporar nun curso inferior ós dous anteriores ó que lle corresponde por idade.
- No caso de apreciar outras necesidades educativas especiais, ademáis das asociadas á condición de procedencia estranxeira, realizaráselle a avaliación psicopedagóxica pertinente e estableceranse as medidas de atención específica máis axeitadas, que se

desenvolverán dentro da aula ordinaria para facilitar en maior medida a integración escolar.²

- Para adscribilo a un grupo determinado terase en conta: as características dos grupos do seu nivel, o número de alumnos por clase, os alumnos con n.e.a.e.s se os houbera, nº de alumnos con dificultades de aprendizaxe (retrasos curriculares, descoñecemento da lingua, etc.), e calquera outro criterio que redunde sempre no seu propio beneficio e nos outros alumnos.
- En colaboración co titor/a, facer o seguimento da integración do alumno/a.
- Asegurar que se nomea un alumno/a titor/a para o/a recén chegado/a.

3.2. Fase de acollida ao centro e primeiro contacto do novo alumno.

Unha vez que o titor/a é informado da chegada dun alumno estranxeiro á súa aula correspóndelle coidar toda unha serie de pasos que faciliten a súa integración:

3.2.1. Preparación: O titor/a repasará coa orientadora, antes do primeiro día, tódolos datos obtidos do alumno/a novo: situación familiar, condicións culturais, grao de coñecemento do noso país, etc.

Preparará tamén ó grupo-clase falando do novo compañeiro/a, explicando a súa orixe, nacionalidade e cultura, estimulando o interese dos demais compañeiros/as a acollelo dun xeito o máis positivo posible. (Proposta de Actividade "o mapa intercultural do centro", Anexo VI)

3.2.2. O primeiro día: Será recibido pola orientadora e o profesor/a titor/a. Se descoñece as nosas linguas e no centro hai alguén que coñece a súa, participará tamén na recepción.

Se o alumno/a se achega ao centro cun familiar permitírase excepcionalmente que o acompañe ata a aula, sobre todo en E. Infantil.

Unha vez na clase presentaráselle aos compañeiros/as dun xeito natural e acolledor. Pódese utilizar algún xogo de presentación para aprender os nomes dos demais.

² Para o alumnado que descoñeza completamente ámbalas dúas linguas oficiais ou aquel que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos, a normativa legal recolle a posibilidade de incorporalo temporalmente a grupos de adquisición das linguas e/ou de adaptación da competencia curricular.

Co alumnado que non fale o galego nin o castelán, haberá que buscar a comunicación dende o primeiro momento, dirixíndonos a eles con mensaxes claras e contextuais, axudándonos de gráficos, imaxes ou algún xesto.

3.3. Fase de acollida na aula

O titor/a controlará as relacións producidas espontáneamente, evitando a excesiva protección e, por suposto, erradicando as actitudes de rexeitamento e menosprezo.

3.3.1. O alumno/a titor/a: Elixirase entre o alumnado voluntario da clase e levará unha tarxeta de identificación (Anexo VII).

Nalgúns casos estaremos suxeitos a elección do alumno/a-titor/a por cuestións de xénero, para que a relación entre a persona embaixadora e o recién chegado sexa máis fluida. (As veces por razón de idade ou por imperativos relixiosos faise difícil establecer unha relación entre persoas de diferente xénero).

As funcións que tería encomendadas serían:

- Sentarse xunto ó recién chegado/a durante as primeiras semanas para axudarlle a seguir as rutinas da clase.

- Orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, material de traballo, dependencias e espazos.

- Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación, como por exemplo ensinarlle a pedir permiso para deixar a clase e ir ó servizo.

- Facilitar a integración do novo compañeiro, evitando o seu aillamento inicial ou nos tempos de lecer.

- Presentalo a outros compañeiros/as, profesorado, persoal non docente, etc.

- Colaborar co titor/a comunicándolle os problemas que detecte.

- Fomentar a súa inmersión lingüística, practicando o vocabulario traballado.

O traballo que durante o tempo asignado realiza o alumno/a titor debe ser coñecido e valorado por toda a comunidade escolar e servirá de ponte na reflexión sobre os valores de axuda, cooperación, respecto, afectividade... Este recoñecemento pode facerse público mediante cartas ós pais implicados, diploma acreditativo firmado pola dirección, etc.

3.3.2. Proposta de actividades

- Desenvolver actividades e situacións que faciliten a aprendizaxe cooperativa.
- Ambientar as aprendizaxes a través de rótulos, nomes das cousas, murais, imaxes...
- Ter en conta que, dende a súa cultura pode necesitar que o preparen para actividades ou situacións escolares que poden resultarlle "extrañas": festas, saídas culturais...

Actividades tipo:

- Informar sobre a comunidade que os acolle: costumes, comida, horarios de traballo.
- Informar sobre o país de procedencia: costumes, relixión, cultura.
- Empregar na aula referencias da lingua de orixe estranxeira, como son os saúdos, as despedidas, expresións e frases feitas.
- Buscar información e materiais sobre os países representados na clase e comunicarllelo aos demais grupos. Ver e comentar videos relacionados cos países de orixe.
- Ambientar a aula non só con murais senón tamén con obxectos tradicionais da súa cultura nos distintos eidos: música, arte, gastronomía...
- Incluir na biblioteca de aula un apartado para libros adaptados na súa lingua.

(Anexo VIII con máis actividades).

3.3.3. Pautas de acollida

- Hai que evitar que non estea incomunicado moito tempo: animalo a participar no recreo, que non estea só/soa nas entradas e saídas, etc.
- A fin de favorecer a inmersión lingüística dos/das que non coñecen as nosas linguas debemos darlles un bo modelo lingüístico, e polo tanto non falar xesticulando ou gritando excesivamente; facer frases sinxelas, pronunciando con claridade; non falar telegráficamente; e procurar non alterar as frases para facilitar a comprensión.
- Non dar por boas as frases incorrectas, pensando que xa fan bastante esforzo; axudarlles a que as completen ben.
- Debemos colaborar todos no tema da pronuncia; cambiar o mal dito polo correcto, de maneira que poida aprender por imitación, aínda que coidando non cortar a comunicación.

3.3.4. Outras consideracións:

- Debense interpretar os "tempos de silencio" como unha fase absolutamente natural no proceso de adquisición dunha segunda lingua.

- Convén aceptar os frecuentes cambios de estado de ánimo e do ritmo de traballo, sen preocuparnos excesivamente polas causas, xa que veñen motivados pola adaptación á nova vida escolar con moito esforzo e sentimentos encontrados.
- É posible que este alumnado, como todos, necesite sentirse comprendido e apoiado. Quere entender, traballar e participar dun xeito normalizado e non sempre é capaz. Considerar que seguramente quere facer ás súas achegas e levar responsabilidades como os demais.
- O/A titor/a é o referente principal e máis claro para este alumnado. Correspóndelle ser o dinamizador do grupo-clase, facilitando a relación entre todos, apoiando en todo momento o novo alumnado para lograr a súa integración no prazo máis curto posible.

4. AVALIACIÓN DO PLAN

Este Plan de Acolida será sometido a avaliación da súa posta en marcha e do seu desenvolvemento na Comisión de Coordinación Pedagóxica, a través dos Coordinadores de Ciclo.

O proceso de avaliación apoiarase preferentemente en instrumentos de observación, enquisas ou cuestionarios que atenderán ás seguintes accións:

- Grao de sensibilización que amosa a comunidade educativa nas súas actuacións cara ó alumnado estranxeiro.
- Sobre a suficiente ou insuficiente achega informativa ás familias e a súa participación no plan.
- Sobre a realización da avaliación inicial.
- Sobre as modalidades de apoio, así como, de ser preciso, a elaboración de adaptacións curriculares individuais e as medidas de reforzo educativo.
- Sobre o grao de relación do noso centro coas institucións e asociacións locais.
- Sobre as prácticas educativas que levemos a cabo e o seu funcionamento: a titoría, a aprendizaxe cooperativa ou calquera outra.
- Sobre as melloras que debemos incluír na revisión e actualización do Plan de Acolida.